
O perigo cidadanista

Manuel Delgado

Todo o mundo parece interesado en esclarecer qué caste de fenómeno está a producirse estes días nas cidades españolas, en prazas coma estas, nas que persoas coma nós expresamos o noso descontento perante a situación que padecemos. Gustaríame fundamentalmente dicir e crer que estamos perante un movemento no que a súa característica principal, e a fonte da inquietudanza que parece xerar, ten a ver coa dificultade á hora de sometelo a unha tipificación clara, resultado da súa renuncia aos principios de identidade e identificación propios dun sistema que esixe que os seus interlocutores se presenten sempre coma instancias orgánicas inconfundíbeis coas que sexa posíbel negociar. Un pouco, se me permitides, ao xeito daquela canción de La Polla Records que de certo moitos de vós coñeceredes: “Non somos nada! / Non somos nada! / Queres identificarnos, tes un problema”. Pero iso é o que me gustaría pensar e dicir, e non estou certo de poder facelo sen sentir que vos estou a facer unha concesión inxusta, co obxecto de obter o voso aplauso.

En realidade, o que penso -e temo- é que esta mobilización se poida homologar como un episodio máis do que poderíamos chamar o movementismo cidadanista. O cidadanismo é a ideoloxía que veu administrar e amornar os restos do esquerdismo de clase media, pero tamén de boa parte do que sobreviviu do movemento obreiro. O cidadanismo concrétese nun conxunto de movementos de reforma ética do capitalismo, que aspiran a alixeiraren os seus efectos por medio dunha agudización dos valores democráticos abstractos e un incremento das competencias estatais que o fagan posíbel, entendendo dalgún xeito que a explotación, a exclusión e o abuso non son factores estruturantes, senón meros accidentes ou continxencias dun sistema de dominación ao que se cre posíbel mellorar moralmente. O cidadanismo non impugna o capitalismo, antes ben, os seus “excesos” e a súa carencia de escrúpulos.

O cidadanismo adoita concretarse en mobilizacións masivas destinadas a denunciar determinadas situacións consideradas inxustas, pero sobre todo inmoraes, e faino propondo estruturas de acción e organización febles, baseadas en senti-

mentos colectivos moito máis que en ideas, cunha énfase especial na dimensión performativa e adoito “artística” ou festiva. Desbotando calquera referencia á clase social como criterio clasificatorio, remite en todo momento a unha difusa ecúmene de individuos aos que unen non os seus intereses, senón os seus xuízos morais de condena ou aprobación.

Os movementos sociais cidadanistas non deixan de ser revitalizacións do vello humanismo subxectivista, mais achegan como relativa novidade a súa predilección por un circunstancialismo militante, exercido por individuos ou colectivos que se reúnen e actúan ao servizo de causas moi concretas, en momentos puntuais e en escenarios específicos, rexeitando toda organicidade ou estruturación duradeira, toda adscripción doutrinal clara e calquera cousa que se pareza a un proxecto de transformación ou emancipación social que vaia alén dun vitalismo máis ben borroso, acordo de heteroxeneidades incommensurábeis que, porén, asumen articulacións cooperativas momentáneas na procura de obxectivos compartidos.

Estas formas de mobilización prefiren modalidades non convencionais e espontáneas de activismo, protagonizadas por individuos conscientes e motivados, pero desafiados, que viven da ilusión de que puideron escapar por un intre das súas raigames estruturais, desvinculados das institucións, que renuncian ou renegan de calquera cousa que se pareza a un encadramento organizativo ou doutrinal, que proceden e regresan logo a unha caste de nada aestructurada e que se prestan por uns días ou horas coma elementos primarios de unións abaneantes, pero potentes, baseadas nunha mestura efervescente de emoción, impaciencia e convicción, sen bandeiras, sen himnos, sen líderes, sen centro, mobilizacións alternativas sen alternativas que se fundan en principios abstractos de índole esencialmente moral e para as que a conceptualización do colectivo é complicada, cando non imposíbel.

Non sei se será casual que unha das figuras predilectas para ese individualismo comunitarista ou dese comunitarismo individualista, baseado na sintonía sobrevida entre suxeitos, sexa a

da rede. Daquela un pensa nas virtudes de internet e nas formas de sociabilidade que fornece, paradigma da relación reticular, paraíso onde se puido facer palpábel por fin a utopía dunha sociedade de individuos desancorados e sen corpo, nun universo de instantaneidades cun alto nivel de esixencia ética consigo propias e co mundo.

Entre outros efectos, este tipo de concepcións da acción política á marxe da política tradúcese na institucionalización da assemblea como instrumento por antonomasia de e para os acordos entre individuos que non aceptan seren representados por nada nin por ninguén. Esta forma radical de parlamentarismo confórmase coma órgano inorgánico, onde os seus compoñentes pasan o tempo negociando e discutindo entre si, pero que teñen graves dificultades para negociar ou debater con calquera instancia exterior, porque en realidade non teñen nada que ofertar que non sexa a súa autenticidade comunitaria, máis intralocutora que interlocutora.

O activismo deste tipo de movementos exprésase dun xeito análogo: xeración de pequenas ou grandes burbullas de lucidez e impaciencia colectivas, que operan coma espasmos en relación e contra determinadas circunstancias consideradas inaceptábeis, iniciativas de apropiación do espazo público que poden ser especialmente espectaculares, que poñen o acento na creatividade e que toman emprestados elementos procedentes da festa popular ou da performance artística. Trátase, xa que logo, de mobilizacións derivadas de campañas específicas, para as que se poden establecer mecanismos e instancias de coordinación provisionais que se desactivan despois..., deica a próxima oportunidade na que novas coordenadas e asuntos volvan xeralas, pouco menos que da nada. Cada oportunidade mobilizadora instaure así unha verdade comunicacional intensamente vivida, unha exaltación no pesadelo das relacións de produción; as dependencias familiares ou dos servilismos estruturais que configuran a nosa realidade esvaeceéron por uns momentos ou mesmo por uns días.

Xérase así, durante o lapso no que a mobilización se produce, unha caste de refuxio en que vivir unha emancipación en última instancia ilusoria da gravitación das clases e os enclausamentos, unha victoria momentánea da realidade como construción interpersoal sobre o real como experiencia obxectiva do mundo.

O que procurei na miña intervención é advertir do perigo de que, en efecto, a grande mobilización en marcha este días deveña un exemplo deste tipo de grandes convulsións colectivas inspiradas e orientadas polo que na práctica pode ser unha mera crítica ética da orde económica e política que padecemos, estruturada vagamente arredor dunha non menos vaga denuncia dunha entidade abstracta, case metafísica, que é “o sistema”. En Barcelona temos coñecido varios exemplos deste tipo de mobilización tan potente como efímera, que esvaeceéron na nada no momento en que os medios de comunicación deixaron de atender ao colorista espectáculo que deparaban. Dendo logo o movemento contra a guerra de Iraq no 2003 sería un paradigma diso, pero tamén o serían as mobilizacións estudiantís contra o plan Bolonia en marzo de 2009, que acadaron puntas importantes de dramatismo social, mais que, ao cabo dunhas semanas do seu auxe no desaloxo do reitorado da Universitat de Barcelona, esfarelou sen deixar tras de si outra cousa que un baleiro e unha inanidade da que aínda somos vítimas nas universidades catalanas.

Así pois plantéxase urxente a cuestión de qué facer cando a intensidade da emoción colectiva que aquí e agora nos reúne vaia esmorecendo e cando -e sen dúbida isto acontecerá dentro duns días- os medios de comunicación deixen de considerarnos “interesantes” e os políticos de expresar unha certa simpatía e comprensión perante o malestar que nos axunta esta mañá aquí. É a discusión política e a imaxinación colectiva ás que, estes días e nesta e noutras prazas, lles corresponde concibir e organizar un camiño que convirta este escándalo perante o real en enerxía histórica.

*Intervención na acampada do movemento 15M
na Plaça de Catalunya, a mañá do 20 de maio de 2011*
